


# ORDENANZA REGULADORA DA TENENCIA, DEFENSA E PROTECCIÓN DOS ANIMAIIS DE COMPAÑÍA



Concello de Mugardos  
Concellería de Medio Ambiente

## **ORDENANZA REGULADORA DA TENENCIA, DEFENSA E PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA**

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 24/09/99, a ordenanza reguladora da tenencia, defensa e protección dos animais de compañía, e publicado anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 239 de 18/10/99, en cumprimento do previsto no art. 49 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, ten sido elevado a definitivo ó non terse formulado reclamacións contra dito acordo no prazo hábil concedido.

Acto seguido e de conformidade co art. 70.2. da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro:

## **ORDENANZA REGULADORA PARA A TENENCIA, DEFENSA E PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA**

### **TITULO PRELIMINAR**

A competencia municipal nesta materia deriva dos artigos 25.2.a) e h) da L.B.R.L. e 80.2.a) da L.A.L.G. (“Seguridade en lugares públicos” e “Protección da salubridade pública”).

Para a elaboración deste regulamento tívose en conta a Lei do Parlamento de Galicia 1/1993 do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro (D.O.G. nº 75 do 22.4.93), que, entre outras cousas, establece como obrigatorio o servizo municipal de recollida de animais abandonados (artigos 11 e 12) e atribúelles ós alcaldes a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais (artigo 16), tívose tamén en conta o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a citada Lei 1/1993. Segue, así mesmo, os criterios incluídos na “I Declaración Universal dos Dereitos do Animal”, aprobada pola UNESCO e , posteriormente pola ONU.

Cóntase, ademais, coa seguinte lexislación:

- Constitución Española de 1978.
- Lei Xeral de Sanidade de 1986.
- Perros Guía (“Lazarillo”): Real Decreto 3.250/83, de 7 de decembro.
- Núcleos zoolóxicos: Orde do 30.07.80: Decreto 1197/75, de 24 de abril.
- Decreto de 4 de febreiro de 1995. Regulamento epizootias.
- Orde de 5 de decembro de 1974, que complementa a lexislación anterior en materia de recollida de cans.
- Orde de 14 de xuño de 1976, modificada por Orde do 16 de decembro de 1976.
- Real Decreto 223/1988, do 14 de marzo, sobre adaptación de directivas en materia de protección de animais domésticos.
- Orde do 13 de outubro de 1989 en desenvolvemento do Real Decreto 223/1988, do 14 de marzo.

Esta normativa ha de recoller e respectar os dereitos dos animais, así como contemplar a lexislación autonómica no referente á responsabilidade civil da tenencia e control sanitario dos animais de compañía e á identificación e censo de cans.

# TÍTULO PRIMEIRO

## DISPOSICIÓN XERAL

### ARTIGO 1.

A presente ordenanza establece a normativa municipal de protección e regulación específica dos animais de compañía do termo municipal de Mugardos.

### ARTIGO 2.

1. Son animais de compañía os que se crían e reproducen coa finalidade de vivir cos seres humanos e cos fins educativos, sociais ou lúdicos, sen ningunha actividade lucrativa, en especial tódalas subespecies e variedades de gatos (*Felis catus*) e tódalas subespecies de cans (*Canis familiaris*).
2. Quedan excluídos da regulación deste regulamento os animais destinados ó traballo ou a proporcionar carne, pel ou algún outro produto útil para o home, os cales se regulan por outras disposicións. Tamén se exclúen os animais de experimentación e para outras finalidades científicas.
3. A tenencia de outros animais domésticos, non cualificados como de compañía, animais exóticos e/ou salvaxes en domicilios particulares, estará sometida á autorización expresa deste concello, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

*Os/as propietarios/as de animais pertencentes a especies permitidas polos tratados internacionais e ratificados polo Estado Español, han de acreditar a súa procedencia legal. En ningún suposto se permite a posesión de animais salvaxes de manifesta agresividade ou potencialmente perigosos, así como de animais susceptibles de poder provocar envelenamentos pola súa trabada ou picadura (Lei 1/93).*

### ARTIGO 3.

1. No hábitat ou medio no que viven os animais de compañía son habitantes en propiedade horizontal, en propiedade vertical, en casas unifamiliares, fábricas e terreos.
2. A tenencia de animais de compañía non ha de supor ningún risco sanitario nin ningunha incomodidade para os veciños nin para outros animais. Preverase que as comunidades de veciños non establezan ningún impedimento para a súa tenencia.
3. O número máximo de animais permitido por habitante establecerano os técnicos municipais, de acordo co espazo dispoñible e as condicións hixiénico-sanitarias para o seu mantemento.
4. Se unha persoa física ou xurídica ten dous ou máis animais de compañía para criar con finalidades comerciais, haberá de solicitar e obter a correspondente licencia ás autoridades municipais.
5. As tendas e os centros de cría de animais de compañía axustaranse á normativa de núcleos zoolóxicos, nembargantes rexeranse polas autorizacións municipais, condicións sanitarias e de aloxamento que veñen reguladas mediante esta ordenanza.
6. Para o resto dos animais respectaranse os mínimos asumibles polo benestar animal, particularmente, este Concello non autorizará nin permitirá espectáculos, atraccións feirais nin outras actividades onde se utilicen animais, se lles poida causar sufrimento ou poidan ser obxecto de burlas ou tratamentos antinaturais.

### ARTIGO 4.

De conformidade coa lexislación aplicable queda expresamente prohibido:

- a) Maltratar ou agredir fisicamente os animais ou sometelos a calquera outra práctica que lles provoque sufrimento ou danos inxustificadas.

- b) Abandonalos.
- c) Mantelos en instalacións indebidas dende o punto de vista hixiénico-sanitario.
- d) Non proporcionarlles a alimentación, a auga e os coidados que estean en consonancia coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas do animal.
- e) Dalos en doazón como prezo, recompensa ou agasallo de compensación por outras adquisicións de natureza distinta á transacción onerosa de animais.
- f) Vendelos aos menores e aos incapacitados sen autorización dos que teñen a patria potestade ou a custodia.
- g) Vendelos a laboratorios ou clínicas sen control da Administración.
- h) Exercer a venda ambulante de calquera animal, agás feiras legalizadas.
- i) O uso de animais en espectáculos, loitas e outras actividades, se estas poden ferir a sensibilidade das persoas que as contemplan.
- k) Non facilitarlle un aloxamento que deberá proporcionarlle un ambiente adecuado, cómodo e hixiénico
- l) Mendigar na vía pública utilizando como reclamo calquera animal.
- ll) Alimentar aos animais na vía pública, sobre todo, aqueles que non teñen propietario coñecido, agás en locais indicados e controlados polo Concello e sen que queden restos de comida.

#### **ARTIGO 5.**

1. Os cans de garda han de estar baixo a vixilancia dos seus propietarios ou persoas responsables, que han de telos de xeito que os viandantes non sufran ningún mal nin que o animal poida abandonar o recinto, que estará convenientemente sinalizado advertindo o perigo da existencia dun can vixiando o recinto.
2. En calquera caso, o propietario dun animal, sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria, é responsable dos danos, dos prexuízos e as molestias que cause ás persoas, ás cousas, ás vías, espazos públicos e ó medio natural en xeral, de acordo co que establece o artigo 1905 do Código Civil.

*(Artigo 1905.- O posuidor dun animal ou o que se serve del, é responsable dos prexuízos que causase, aínda que se lle escape ou extravíe. Só cesará esta responsabilidade no caso de que o dano proviñese de forza maior ou de culpa do que o sufrise).*

## **TITULO SEGUNDO**

### **PRESENCIA DE ANIMAIS NOS LUGARES PÚBLICOS, ZONAS ACOTADAS E TRANSPORTES.**

#### **ARTIGO 6.**

Queda prohibido o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía en aqueles lugares de concorrencia pública en que a súa estancia resulte desaconsellable por razóns hixiénicas ou sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento inconciliables coa actividade que en tales lugares se desenvolva. Nos parques, praias, piscinas e calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública, sempre que non haxa unha prohibición explícita, deberán ir debidamente controlados, utilizando correa e buceira cando fose preciso.

#### **ARTIGO 7.**

1. Nas vías públicas os cans irán provistos de correa e colar e debidamente identificados, deberán circular con buceira todos aqueles cans nos que a perigosidade sexa razoablemente previsible, de acordo coa súa natureza e as súas características.

2. A autoridade municipal poderá ordenar o uso das buceiras cando as circunstancias así o aconsellen e mentres estas circunstancias non muden.

#### **ARTIGO 8.**

1. O traslado de cans e gatos por medio de transporte público realizarase de acordo coas disposicións vixentes e o que dicte a autoridade competente en cada un dos casos.
2. Os cans guía (“Lazarillos”) poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, sempre que vaian acompañados do seu amo e garden as condicións hixiénicas, sanitarias e de seguridade que regula esta ordenanza.

#### **ARTIGO 9.**

1. A entrada de cans e gatos en calquera lugar destinado á fabricación, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos queda expresamente prohibida.
2. Os propietarios de establecementos públicos como hoteis, pensións, restaurantes, bares, cafeterías e similares, poderán prohibir, sempre debidamente sinalizado, a entrada e permanencia de cans e gatos.
3. As anteriores limitacións e prohibicións non serán aplicables aos invidentes.

#### **ARTIGO 10.**

Os donos de cans e gatos han de adoptar medidas para que as deposicións fecais dos animais non ensucien as beirarrúas, zonas de viandantes, parques e en xeral calquera lugar destinado ó tránsito de peóns. Os donos de cans e gatos son os responsables de recoller convenientemente os excrementos mediante bolsas de plástico ou de papel ou recolledor especialmente indicado para iso e depositalos nos colectores.

Queda prohibido deixar as deposicións fecais dos cans nas vías públicas, en zonas verdes e en xeral, en calquera lugar destinado ó tránsito de peóns.

### **TÍTULO TERCEIRO**

#### **MORTE, DESAPARICIÓN E RECOLLIDA DE ANIMAIS.**

##### **ARTIGO 11.**

1. No caso de morte dun animal, se non é posible a inhumación por medios propios, a morte deberá ser inmediatamente comunicada aos servizos municipais correspondentes, que procederán á súa recollida, transporte e eliminación.
2. Prohíbese o abandono de cadáveres de animais nos contedores do lixo, en calquera clase de terreos, así como tiralos os ríos, sumidoiros ou rede de sumidoiros e, igualmente enterralos en terreos de propiedade pública.
3. A morte ou desaparición dun can deberá ser comunicada de forma inmediata ó “Rexistro Municipal de Cans”, por parte de quen o teña ó seu cargo.
4. Os animais que estean enfermos, feridos ou mortos nas vías públicas e espazos públicos serán recollidos polo servizo municipal. Calquera cidadán que advirta a permanencia dun animal nestas circunstancias, deberá avisar ó concello para que o retire o máis axiña posible.

##### **ARTIGO 12.**

1. Terán a consideración de animais abandonados aqueles que non teñan dono ou responsable coñecido, non se encontren censados e circulen libremente sen presenza do seu responsable nin sinais ou marcas que permitan a súa identificación.

2. Os animais que se encontren nestas circunstancias así como aqueles que os seus donos non desexen continuar posuíndoos, serán aloxados nas dependencias adecuadas que ó efecto determine a autoridade municipal e proporcionaráselles alimentación e atención e coidados veterinarios adecuados mentres permanezan nos lugares de acollida. O Concello de Mugar dos poderá xestionar este servizo de calquera das formas que prevé a lei: poderá xestionar convenios coa Xunta de Galicia, con asociacións de protección e defensa dos animais ou con outras asociacións autorizadas para este fin. (Estas deben estar inscritas no rexistro creado a tal efecto na Xunta de Galicia). Os convenios terán un prazo mínimo de 3 anos prorrogables.
3. Só no caso de que o aloxamento non fose posible procederase, en último caso, á eliminación do animal polos servizos veterinarios correspondentes, evitando sempre calquera forma de crueldade ou sufrimento.
4. O prazo para recuperar un animal sen identificación é de vinte días. Se o animal está identificado, o propietario disporá dun prazo de dez días para recuperalo, unha vez fose avisado do apresamento. En calquera caso o posuidor do animal apresado deberá aboar os gastos orixinados pola súa recollida e mantemento con suxeición aos prezos públicos vixentes, sen prexuízo da sanción que lle poida ser aplicable.

## **TÍTULO CUARTO**

### **CENSO MUNICIPAL**

#### **ARTIGO 13.**

1. Os posuidores de cans han de censar os animais no correspondente censo municipal dentro do prazo máximo dun mes contado dende a data do nacemento ou adquisición do animal.
2. Para figuraren no censo ou rexistro, os animais terán que ser identificados individualmente aceptándose un dos seguintes sistemas: a tatuaxe lexible na pel ou a identificación electrónica mediante a implantación dun microchip homologado, sendo este último o máis axeitado pola súa fiabilidade na identificación, sen sufrimento ningún para o animal.
3. No censo municipal contarase cos seguintes datos:
  - a) identificación do animal (raza, idade, nome...).
  - b) Identificación do propietario (nome e apelidos, enderezo, D.N.I.).
4. Os animais censados deberán posuír o seu correspondente pasaporte ou cartilla sanitaria. A cartilla será expedida polo veterinario colaborador que censou e identificou ó animal. Sobre ela anotaranse as sucesivas vacinacións e tratamentos que este reciba.
5. Estes datos seránlle comunicados periodicamente se así o solicitan ó Rexistro Xeral de Animais de Compañía, dependente do Departamento de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.
6. No censo tamén se inscribirán as baixas por morte ou perda do animal, así como os cambios de enderezo e das transferencias de titularidade ou de posesión que se produzan. O propietario comunicará estas circunstancias ó citado censo municipal nun prazo de quince días.

# TÍTULO QUINTO

## NORMAS SANITARIAS

### ARTIGO 14.

#### MEDIDAS SANITARIAS XERAIS:

1. Todo animal de compañía ten dereito e o propietario ten o deber de lle ofrecer as debidas condicións sanitarias.
2. Con esta finalidade as autoridades administrativas poderán ordenar a execución de determinadas campañas sanitarias obrigatorias para os animais de compañía, na forma o no momento que se determine.
3. Cada propietario deberá dispor, se así se establece da correspondente documentación sanitaria na que se especificarán as características do animal e o seu estado sanitario.
4. Os animais afectados de enfermidade zoonómicas (contaxiosas) e epizoóticas (infecciosas) graves deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento adecuado se este é posible. No seu defecto, deberán ser sacrificados, baixo a responsabilidade dun veterinario, por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda de consciencia.
5. Os veterinarios, clínicas, consultas ou hospitais veterinarios debidamente rexistrados e que voluntariamente participen en campañas promovidas por este Concello quedarán obrigados a facilitar os datos que se lles requiran con finalidades estatísticas e/ou sanitarias.
6. O Concello queda obrigado a preservar estes datos de toda utilización, non pode facilitar estes datos a ningún particular.
7. Os núcleos zoolóxicos debidamente rexistrados dentro do ámbito de aplicación desta ordenanza deberán ter:
  - Libro de rexistro de entrada e saída dos animais de compañía.
  - Condicións hixiénico-sanitarias esixidas para estes establecementos así coma un programa de hixiene e profilaxe elaborado por un veterinario.
  - A venda de gatos e cans hase axustar ás normas de identificación descritas nesta ordenanza.
  - Os animais han de ser vendidos en boas condicións sanitarias.

### ARTIGO 15.

#### MEDIDAS SANITARIAS EN CASO DE AGRESIÓN:

1. Os donos ou posuidores de animais que causasen lesións a persoas por motivos de agresión están obrigados a:
  - a. Facilitarlle datos do animal agresor e os seus propios á persoa agredida, aos seus representantes legais e ás autoridades competentes que o solicitan.
  - b. Comunicalo, nun prazo máximo de 24 horas, posteriormente aos feitos, á área de sanidade animal.
  - c. Someter ao animal agresor á observación veterinaria, así como facilitar tódalas actuacións que conleve e comunicar as posibles incidencias do animal no centro municipal ou previa autorización a calquera consulta veterinaria de exercicio libre e seguir as disposicións que determine o veterinario.
2. Os veterinarios están obrigados a comunicarlle toda enfermidade transmisible ó Departamento de Sanidade Municipal, na forma en que está establecido para que independentemente das medidas zosanitarias individuais se poñan en marcha as correspondentes medidas hixiénico-sanitarias de protección civil.

3. Serán por conta do dono do animal agresor os gastos da súa estadía durante o período de observación no establecemento que se sinale.
4. Se o animal agresor non ten propietario coñecido serán os servicios municipais os que se farán cargo do seu apresamento e observación veterinaria.

## **TITULO SEXTO**

### **DAS INFRACCIÓNS E SANCIONES.**

#### **ARTIGO 16.**

1. Constitúen infraccións administrativas as omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece este regulamento.
2. Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas que as cometan como autores ou coautores.
3. A responsabilidade administrativa será esible, sen prexuízo da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.

#### **ARTIGO 17.**

1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.
2. As infraccións administrativas serán sancionadas con multa nas seguintes contías:
  - a. As leves, de 30,05 a 90,15 Euros (5.000 a 15.000 Pts.)
  - b. As graves, de 90,16 a 150,25 Euros (15.001 a 25.000 Pts.)
  - c. As moi graves de 150,26 a 300,50 Euros (25.001 a 50.000 Pts.)
3. Para a clasificación das infraccións e a determinación da contía da sanción teranse en conta as seguintes circunstancias:
  - a. A reiteración ou reincidencia.
  - b. A natureza dos prexuízos causados.
  - c. A transcendencia social da infracción.
  - d. A importancia do dano causado no animal.
  - e. A capacidade económica do infractor.
  - f. O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.
4. A resolución do expediente sancionador poderá impor a sanción non pecuniaria da incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono.

#### **ARTIGO 18.**

1. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións cualificadas como leves será realizada polos concellos e a imposición das sancións previstas para as mesmas correspóndelle ao Alcalde.
2. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións cualificadas como graves ou moi graves será realizada polo concello, sen prexuízo de que a resolución dos expedientes e a imposicións de sancións sexa efectuada pola autoridade correspondente.
3. A tramitación dos expedientes por infracción do disposto na presente ordenanza adecuarase ó disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **ARTIGO 19.**

Constitúen infraccións moi graves:

- a. Incitar aos animais a acometer ás persoas ou causar danos nas cousas.

- b. Organizar ou realizar espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais, que impliquen crueldade ou maltrato para os animais ou que lles poidan causar sufrimento.
- c. Facer vítima a calquera animal de crueldades.
- d. Abandonar un animal.
- e. Tenencia de animais perigosos sen as medidas de protección que se fixen.
- f. Non comunicar á policía local a agresión dun animal.
- g. Non pór ó animal agresor en observación veterinaria.
- h. Sacrificar un animal sen control veterinario.
- i. A venda de animais con enfermidade infecto-contaxiosa coñecida.
- k. A venda de animais para experimentación sen a debida autorización a centros non autorizados.
- l. Non lle comunicar ó concello as doenzas transmisibles que padeza un animal.
- ll. Reincidencia en infraccións graves, entendendo que esta existe cando se cometa a mesma infracción grave no prazo dun ano.

## **ARTIGO 20.**

Constitúen infraccións graves:

- a. Non inscribir aos animais no censo.
- b. Non lle facilitar os datos do animal agresor á policía local.
- c. Non lle comunicar ó concello as incidencias que se produzan no animal agresor durante o período de observación.
- d. Non lle facilitar ó concello o certificado veterinario do período de observación.
- e. Manter aos animais en condicións hixiénicas adecuadas.
- f. Permitir, ou non evitar, que o animal orixine unha situación de perigo, riscos ou molestias graves para as persoas.
- g. Non levar a cabo a identificación do animal por algún dos sistemas que prevé o regulamento.
- h. Non cumprir as condicións de seguridade previstas para os cans de vixilancia.
- i. Permitir a circulación de cans polas vías e lugares de tránsito público sen iren suxeitos por unha correo ou cadea.
- k. Venderlle ou doarlle un animal a un menor de idade ou incapacitado sen autorización do seu representante.
- l. Desatender aos animais dos que sexa responsable, non proporcionarlles o aloxamento e alimentación necesarios, descoidar os coidados sanitarios e privarlles do descanso e esparexamento físicos necesarios.
- ll. Non vacinación ou tratamento obrigatorio dos animais.
- m. A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- n. Mutilalos sen necesidade ou sen o axeitado control veterinario.
- o. Reincidencia en infraccións leves.

## **ARTIGO 21.**

Constitúen infraccións leves:


- a. O maltrato dos animais que non lles cause dor.
- b. A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- c. A doazón de animais de compañía como premio.
- d. Non manter aos animais en boas condicións hixiénico-sanitarias.
- e. Mantelos en instalacións inadecuadas.
- f. Non lles facilitar alimentación axeitadas ás súas necesidades.

- g. Exercer a venda ambulante fóra dos mercados e feiras autorizados.
- h. A carencia ou tenencia incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio.
- i. A posesión dun can non censado.
- k. A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública e zonas verdes
- l. Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Este Regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.





Concello de Mugar dos  
Concellería de Medio Ambiente